

**Notificación.-2017000369 - CONVENIO MARCO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS A FAVOR DE GRUPOS DE MUSICA E DANZA TRADICIONAL, MASAS CORAIS, ORQUESTRAS, CONXUNTOS E BANDAS DE MUSICA PARA O ANO 2017**

**Deportes e Cultura**

Notifícaselle que a Alcaldía, en data 16 de febreiro de 2017 dictou a seguinte resolución:

Co obxecto de contribuír á promoción da música e do folclore que se desenvolve no noso Concello, difundir o labor que realizan as agrupacións musicais de persoas afeccionadas, así como colaborar coas diferentes entidades sen ánimo de lucro que ao longo do ano organizan diversos actos culturais en Carballo facilitándolles recursos que enriquezan as súas actividades e , en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, propónse á Alcaldía que dicte as seguintes Resolucións:

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada por Decreto da Alcaldía, 1938 de 16 de xuño de 2015, na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido do art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

**Segundo.-** Aprobar o Convenio marco de Actuacións Musicais a favor de Grupos de Musica e Danza Tradicional, Masas Corais, Orquestras, Conxuntos e Bandas de Musica, que se recolle a continuación:

<p style="text-align: center;"><b>CONVENIO MARCO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS A FAVOR DE GRUPOS DE MUSICA E DANZA TRADICIONAL, MASAS CORAIS, ORQUESTRAS, CONXUNTOS E BANDAS DE MUSICA - ANO 2017</b></p>
--

**1.- FINALIDADE E OBXECTO**

Este Convenio ten por obxecto contribuír á promoción da música e do folclore que se desenvolve no noso Concello, difundir o labor que realizan as agrupacións musicais de persoas afeccionadas, así como colaborar coas diferentes entidades sen ánimo de lucro que ao longo do ano organizan diversos actos culturais en Carballo facilitándolles recursos que enriquezan as súas actividades.

Con esta finalidade o Concello de Carballo establecerá convenios específicos de actuacións con agrupacións musicais que teñan o seu domicilio social en Carballo e que realizen actividades sen ánimo de lucro, para que lles oferten as súas actuacións ás asociacións culturais, de veciños/as, comisións de festas ou outras entidades culturais e sociais sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social en Carballo e que organicen e realicen actividades culturais que inclúan actuacións musicais.

O Concello aboaralles ás agrupacións musicais asinantes deste Convenio un máximo de dúas actuacións segundo os importes dos cachets que se establece no mesmo.

As actuacións deben realizarse no termo municipal de Carballo e deberán ser públicas e gratuítas, realizándose en actos de carácter cultural, prioritariamente, e non poderán ser utilizadas en actos políticos, privados ou con ánimo de lucro.

## 2.- CLASIFICACIÓN DAS AGRUPACIÓN E IMPORTE DAS ACTUACIÓN

Establécese a seguinte clasificación das agrupacións, con indicación do número mínimo de compoñentes que deben integralas e o importe do cachet por actuación realizada que lles corresponde segundo este Convenio:

- Grupos de música e danza tradicional (mínimo de 12 compoñentes)..... 350€
- Grupos de gaitas (mínimo de 4 compoñentes) ..... 260€
- Grupos de cantareiras (mínimo de 4 compoñentes) ..... 260€
- Masas corais (entre 10 e 29 compoñentes)..... 260€
- Masas corais(a partir de 30 compoñentes) ..... 425€
- Orquestras, conxuntos e bandas de música (mínimo de 4 compoñentes) ..... 350€

Os anteriores importes terán os impostos incluídos.

## 3.- SOLICITANTES

**Agrupacións musicais:** Poderán solicitar a súa inclusión neste convenio as agrupacións musicais que teñen o seu domicilio social en Carballo e as súas actividades non persigan finalidades estrictamente de lucro, ou ben que se obteñen beneficios, que estes revertan en actividades culturais.

A porcentaxe de membros que pertencen a máis dunha agrupación dentro da mesma modalidade deberá ser inferior ao 50%, e, independentemente da modalidade, un compoñente non pode pertencer a máis de dúas agrupacións.

**Solicitantes de actuacións:** Poderán solicitar actuacións das agrupacións asinantes deste Convenio as asociacións, comisións de festas ou outras entidades culturais e sociais sen ánimo de lucro que teñen o seu domicilio social en Carballo e que organicen e realicen actividades culturais que inclúan actuacións musicais.

## 4.- CARACTERÍSTICAS DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO CONVENIO

**Numero de actuacións por agrupacións:** As agrupacións musicais asinantes de convenios específicos en desenvolvemento deste convenio deberán realizar dúas (2) actuacións durante o período de vixencia do mesmo, segundo as solicitudes presentadas polas entidades culturais e nos lugares que determine o Concello de Carballo.

**Lugar de actuación:** Co fin de fomentar o máximo intercambio e coñecemento das distintas agrupacións do Concello, as actuacións realizaranse fóra da parroquia na que estean domiciliadas as agrupacións musicais.

Se as agrupacións pertencen a unha entidade entenderase como domicilio da agrupación o da dita entidade e, no caso de que o grupo non forme parte de ningunha entidade, considerarase que o domicilio do grupo é o da maioría dos membros que a integran. No caso de agrupacións musicais con sede no casco urbano de Carballo, a limitación do lugar de actuación circunscribírase ao barrio no que está domiciliada a agrupación.

**Amplificación:** As agrupacións deberán aportar os instrumentos musicais que precisan, así como a amplificación mínima para realizar a actuación. Se o espazo onde se realiza require dunha amplificación especial, esta será responsabilidade da entidade organizadora da actividade.

Duración da actuación: O tempo mínimo de duración da actuación será de 30 minutos para todas as agrupacións participantes, excepto para os grupos de gaitas, que deberán actuar durante un mínimo de 50 minutos. No caso de que o tempo de actuación tivera que ser inferior ao establecido deberá comunicárselle ao Concello de Carballo o motivo, que poderá autorizar ou non a realización da actuación.

#### **5.- SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE AGRUPACIÓNS MUSICAIS NO CONVENIO DE ACTUACIÓNS**

Solicitud: As agrupacións musicais que desexen adherirse ao presente convenio, deberán solicitar a súa inclusión presentando no Rexistro Xeral do Concello de Carballo unha solicitude na que se incluírán o seguintes datos:

- a) Nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e CIF da agrupación solicitante.
- b) Nome e apelidos do representante da agrupación, CIF e enderezo para os efectos de notificación, teléfono e enderezo electrónico.
- c) Número de membros da agrupación, tipo de agrupación e declaración de compoñentes da agrupación asinante, con indicación do seu domicilio (segundo a tipoloxía establecida neste Convenio marco)
- d) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- e) Declaración conforme se esta ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

Prazo: O prazo de presentación destas solicitudes será de 10 días hábiles contados desde o día seguinte na publicación na prensa local do anuncio de adhesión ao presente Convenio.

#### **6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AGRUPACIÓNS ASINANTES DO CONVENIO**

Co obxecto de cumprir coa finalidade deste Convenio e para garantir o correcto funcionamento do mesmo, se o número de solicitudes de agrupacións musicais que queren participar no Convenio supera o presuposto dispoñible, a Concellería de Cultura poderá priorizar as solicitudes e selecciónalas atendendo ás necesidades ou demandas previsibles de actuacións e á distribución equitativa entre as distintas modalidades de grupos, para o que se valorará que as agrupacións musicais pertencen a entidades culturais e a participación activa das agrupacións nos programas de actividades das entidades, asimismo, que as agrupacións teñan como mínimo o 50% dos membros empadroados no Concello de Carballo e a antigüidade, traxectoria e currículo do grupo e/ou dos seus compoñentes.

#### **7.- SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS DO CONVENIO MUSICAL**

A agrupación musical deberá presentar nos prazos correspondentes as solicitudes e os certificados de actuación.

Limitacións para a solicitude de actuacións: Co obxecto de distribuír territorialmente e entre as entidades solicitantes as actuacións ademais de ter en conta o interese cultural e social da actuación só se autorizará unha actuación do Convenio por cada evento - independentemente da súa duración ou programa e actividades- e esta deberá realizarse nunha parroquia distinta á do ano anterior, así como fóra da parroquia na que estén domiciliadas as agrupacións musicais

Lugar e prazo de solicitude: As solicitudes de actuación deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo no prazo mínimo de 15 días hábiles antes da celebración da actuación e, en todo caso, antes do 30 de setembro.

No impreso de solicitude, que proporcionará o Concello de Carballo, incluíranse os seguintes datos:

- a) Nome, enderezo e CIF da entidade solicitante.
- b) Nome e apelidos do representante da asociación, CIF e enderezo para os efectos de notificación.
- c) Lugar, data, hora, motivo da actuación, duración e sistema de acceso á actuación.
- d) Programa de actos previsto, outras agrupacións asinantes deste convenio que teñen previsto solicitar para o mesmo acto.
- e) Conformidade da agrupación musical coa realización da actuación.
- f) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.

No caso de non celebrar a totalidade das actuacións, tanto por falta de solicitudes ou por outras causas non xustificadas, o Concello resérvase o dereito de distribuír as actuacións onde considere máis axeitado ou mesmo que estas non se celebren.

#### **8.- AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DO CONVENIO MUSICAL**

Unha vez presentada a solicitude da actuación, e antes da realización da mesma, a Concellaría de Cultura deberá autorizar a súa realización. A autorización desta actuación estará condicionada ao cumprimento das cláusulas establecidas neste convenio, así como a criterios de distribución territorial e entre entidades solicitantes das actuacións, e ao interese cultural e social da actividade para a que se solicita a actuación.

Excepcionalmente e previa solicitude por escrito, e ante motivos de interese xeral, a Concellaría de Cultura poderá autorizar actuacións solicitadas cun prazo inferior ao establecido, a realización de máis dunha actuación por evento e/ou día, ou na mesma parroquia á que pertence a agrupación musical ou na mesma parroquia que en anos anteriores.

Prazo para a autorización da actuación: Dez (10) días despois da presentación da solicitude da actuación, as agrupacións musicais deberán consultar á Concellaría de Cultura, se teñen a autorización para realizar a actuación.

#### **9.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA**

Unha vez realizada cada actuación, a efectos de que o Concello de Carballo aboe á agrupación musical o importe das actuacións realizadas, as agrupacións asinantes do Convenio deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Carballo a seguinte documentación:

- Certificado da actuación expedido pola entidade solicitante, e coa conformidade da agrupación musical, segundo modelo proporcionado polo Concello.

- Factura da agrupación musical emitida pola persoa xurídica á que pertence ou pola persoa física que a represente á que a nome do Concello de Carballo polo importe correspondente á actuación realizada, segundo o tipo de agrupación e os importes previstos na Base 2 deste Convenio.

A factura presentarse co detalle dos impostos que sexan de aplicación en cada caso.

- Certificado bancario que acredite a titularidade da conta e o IBAN da mesma.

- Autorización para que o Concello de Carballo poida obter a certificación acreditativa de que a entidade está ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, ou presentación do certificado da Axencia Tributaria.

- O Concello comprobará de oficio que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Carballo.

#### 10.- PRAZOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

- No prazo de 1 mes despois da realización da actuación.
- Se a actuación se realizara despois do 16 de outubro, o certificado de actuación deberá presentarse de forma inmediata e, en todo caso, ata o 15 de novembro.

#### 11.- OBRIGAS DAS ENTIDADES PARTICIPANTES

11.1.- As entidades ou agrupacións musicais adheridas ó presente Convenio estarán obrigadas a:

- a) Realizar durante o ano de vixencia do Convenio específico un máximo de dúas (2) actuacións, segundo as solicitudes presentadas, nos lugares que determine o Concello, dando preferencia a estas actuacións sobre calquera outro compromiso adquirido, segundo as condicións que se establecen no convenio. Dez (10) días naturais despois de presentada a solicitude da actuación, deberán solicitar á Concellería de Cultura a autorización para realizar a actuación solicitada.
- b) Expedir facturas legais polas actuacións realizadas.
- c) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade a financiación do Concello de Carballo, acompañada, se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.
- d) No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactada en galego.
- e) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- f) Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

11.2.- As entidades solicitantes de actuacións estarán obrigadas a:

- a) Proporcionar locais ou instalacións adecuadas para a realización da actuación e cubrir os riscos de accidentes ou os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das actuacións.
- b) Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento.
- c) Realizar a difusión da actividade, facendo constar nos materiais de difusión e publicidade a financiación do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.
- d) Expedir o documento acreditativo da realización das actuacións.
- e) No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactada en galego.
- f) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- g) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e facerse cargo do pago dos Dereitos de Autor xerados na actuación.

#### 12.- RESOLUCIÓN

12.1.- Con cada agrupación musical asinarase un convenio específico en desenvolvemento deste Convenio marco.

12.2.- As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios especificados neste Convenio.

12.3.- A relación de entidades asinantes deste Convenio farase pública.

12.4.- O pagamento das actuacións realizarase mediante transferencia bancaria, unha vez que a agrupación musical presentade no Rexistro Xeral do Concello a documentación xustificativa.

### 13.- REVISIÓN E ANULACIÓN

13.1.- En caso de incumprimento das obrigas por parte das entidades participantes, o Concello procederá á anulación total ou parcial do pagamento das actuacións.

### 14.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución esgota a vía administrativa. Poderase interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

### 15.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

15.1.- Este Convenio de actuacións será asinado polo Alcalde do Concello de Carballo e pola persoa que ostente a representación da agrupación, quedando obrigadas as partes ao contido das cláusulas.

15.2.- O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias do Convenio.

15.4.- De conformidade coa la Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Cultura comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico [lopd@carballo.org](mailto:lopd@carballo.org) ou chamando ao tfno.981 704 703.

### 16.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Poderáanse autorizar actuacións xa realizadas durante o ano 2017 polas agrupacións musicais incluídas neste convenio anteriores á entrada en vigor do mesmo, previo acordo coa agrupación musical e coa entidade solicitante e organizadora da actividade, se se considera de interese cultural e xeral para o Concello de Carballo. Nese caso, a agrupación musical deberá entregar no Rexistro Xeral do Concello a solicitude de actuación de maneira inmediata á sinatura do convenio, e entregará o certificado da mesma unha vez que a Concellaría de Cultura lle comunique a aceptación da actuación.

As actuacións previstas para unha data anterior aos 20 días desde a sinatura do Convenio, poderán solicitarse, sempre que cumpran co resto dos requisitos establecidos, cun prazo de solicitude mínimo de 3 días hábiles antes da actuación.

**Terceiro.-** Aprobar un gasto por un importe total de 21.850€ (Retención de crédito núm 201700004279) con cargo á aplicación orzamentaria 3340.- 2260900 dos Orzamentos Xerais do Concello de Carballo, para

facen fronte ao pago das actuacións previstas nas bases do Convenio Marco de Actuacións Musicais a favor de Grupos de Música e Danza Tradicional, Masas Corais, Orquestras, Conxuntos e Bandas de Música para o ano 2017.

